

A Idade Media. Contexto político social e cultural



Caída do Imperio Romano (476)

A **Idade Media** é o período histórico que vai desde a caída do Imperio Romano de Occidente, no ano 476, ata a conquista de Constantinopla polos turcos (1453). A invasión dos pobos xermánicos provocou a fragmentación do Imperio Romano e deu lugar á diversificación do latín e á posterior aparición das linguas romances e, con elas, ás súas respectivas literaturas.



Caída de Constantinopla (1453)


1.1 A sociedade medieval

A forma básica de relación social era o *feudalismo*. Todo estaba organizado cunha rigorosa orde xerárquica que, en forma de estrutura piramidal, tiña o rei no máis alto cun poder case ilimitado. A sociedade estaba dividida en ríxidos estamentos: a nobreza, o alto clero e o pobo baixo. A nobreza e o alto clero acumulaban riquezas e privilexios; o pobo baixo era o que traballaba.


A PIRÁMIDE FEUDAL




En xeral, os estamentos feudais podemos reducilos a estes tres grupos:



A partir de mediados do século XII van renacer as cidades. A causa principal vai ser o aumento da produción agraria (grazas as melloras nas técnicas agrarias), que precisa comercializar os excedentes en mercados e permite a parte do campesiñado dedicarse a outras tarefas como a actividade artesanal. Ambas actividades, comercio e artesanía, concentráranse nas cidades, favorecendo a súa recuperación. Nuns casos revitalízanse as antigas cidades romanas e noutros xorden novas cidades, a partir dos mercados nacidos ao lado de castelos e mosteiros. Ao redor destes mercados desenvólvense barrios de artesáns e comerciantes, os burgos, que acabaron amurallándose e convertendo en novas cidades. A palabra burgo acaba utilizándose para designar a toda a cidade e os seus habitantes acabarán recibindo o nome de burgueses. Co tempo, a palabra burgués pasará a designar os habitantes ricos das cidades.



As cidades medievais foron importantes á partir do século XII.



A artesanía desenvólvese coa aparición dos gremios, organización de artesáns dun mesmo oficio.



Alternábase a celebración periódica de mercados e feiras coa aparición de mercados permanentes nos que a compravenda se efectuaba en recintos apropiados e dedicados a iso.

1.2 Vida e cultura medievais




A vida e a cultura xiraban en torno aos castelos, mosteiros e catedrais. Os nobres, que vivían nos castelos, defendían coas armas as terras e os vasalos que as traballaban.

A cultura refuxiábase nos mosteiros e os cegos encargáronse de conservalas e difundilas; grazas a que os monxes copiaron á man moitos libros antigos, chegaron a nós as obras máis importantes do pensamento clásico e oriental. Os mosteiros, no medio rural, e as escolas catedralicias, no urbano, cubriron o espazo da educación **básica, que xiraba arredor das disciplinas do trivium** (Gramática, Retórica,

Dialéctica) e o **quadrivium** (Aritmética, Música, Xeometría e Astronomía). No século XII creáronse as primeiras universidades.



escola catedralicia.



En arte, desenvolvéronse os estilos románico e gótico.

Catedral románica



Catedral gótica

1.3 Galicia na Idade Media

A principios do século V (410 d.C.), os suevos empezaron a asentarse na provincia romana da Gallaecia e fixaron a capital do seu reino na cidade de **Braga**. Hermerico I funda o "*Gallicense Regnum*". O reino suevo durou case dous séculos ata que, no ano 585, o rei Leovixildo o anexionou ao reino visigodo.



Territorios baixo o dominio visigodo: Gallaecia, Hispania e Septimania



Guerreiros suevos

Pese a substitución dos monarcas suevos polos reis visigodos, Galicia continúa a ter unha condición diferente do resto de provincias visigodas peninsulares, tal é o caso que a documentación visigoda denota tres entidades políticas: **Gallaecia, Hispania e Septimania**.

a) O reino cristián como continuidade do reino suevo e non visigodo

Que este "territorio" galego foi a continuación do famoso "*Gallicense Regnum*" de orixe suevo é algo moi discutido. Do que non hai discusión é que

durante os reinados suevos abandonáronse moitos castros e pasouse a unha estrutura parroquial típica galega que foi autenticamente conformadora do territorio galego. Dita evolución do castro á parroquia quedou reflectida en centos de topónimos xermánicos que levan estas entidades.

b) O principal reino cristián da Alta Idade Media

Desde o século XIX, certa historiografía fálanos de que no ano 711 se produce unha invasión árabe da península que dominou o territorio visigodo. Relata que esta presenza árabe a penas se notou en Galicia, salvo en illadas incursións bélicas.

A denominación de Asturiano ou Leonés aos primeiros reis da "*reconquista*" (ata mediados do século XIII) sería unha visión subxectiva e interesada de certos historiadores do século XIX que queren xustificar a idea de unidade de España xa desde a Idade Media. Baste poñer a modo de exemplo a tradución que fai o historiador Modesto Lafuente da denominación árabe de "*Jalikiah*" para este territorio: tradúceo por *Reino de León*.

Estes historiadores contan que durante a Alta Idade Media o reino galego só foi independente en pequenos períodos de tempo, para ser logo absorbido por reinos leoneses ou casteláns. Estase producindo unha ocultación de datos e da realidade, pois os reis galegos seguen conservando nos seus diplomas o título do seu territorio galego xunto co dos outros territorios que "supostamente" o absorberían, sendo máis probable que fose o reino galego o que absorbese aos restantes. Apóiase este argumento no feito de que moitos reis eran criados en Galicia e no idioma galego. Coma se adoita dicir, o rei xa castelán Alfonso X (Alfonso IX foi o último rei galego) escribía en galego porque era a lingua dos seus avós. Outro dato que axuda a esta manipulación é o costume dos primeiros reis de Galicia de titularse en función da súa liñaxe e non do seu territorio (rei fillo de... e non rei de...)



Detalle do mapa elaborado por Modesto Lafuente



Diego Xelmírez

Este carácter galego dos reis cristiáns explicaría o enorme prestixio que tiña a lingua galega nesas datas, xa que era a lingua da corte e que tivo o seu mellor reflexo na importantísima lírica galega medieval chamada actualmente galego-portuguesa, e que non só tiña como marco Galicia senón o resto de zonas peninsulares cristiás. É precisamente entón cando Galicia acada o seu apoxeo: a coñecida como **Era Compostelá**, baixo a rexencia do arcebispo Xelmírez no século XII. Foi esta unha das épocas de maior brillo e desenvolvemento económico de Galicia.


O esplendor de Galicia nos séculos XII e XIII

A sociedade galega medieval viviu unha etapa de gran desenvolvemento social, económico e cultural entre os séculos XII e XIII. Velaquí as causas que o motivaron:

- A situación de paz que viviu Galicia tras o cesamento dos ataques dos normandos ás súas costas e por quedar como terra de retagarda nas guerras da Reconquista.



- A colonización e labranza de novas terras, impulsada polos monxes da orde do Císter.



- O papel de Compostela como centro da cristiandade medieval europea.



- O papel destacado da nobreza galega na corte.



As consecuencias desta situación foron:

- De carácter social: o aumento da poboación, a mellora xeral das condicións de vida, o florecemento do comercio e da pesca, o crecemento das cidades e o paulatino ascenso da burguesía.
- De carácter cultural: o florecemento da arte románica, da lírica dos cancioneros e da narrativa épico-fantástica.

APÉNDICE

1. A CIDADE MEDIEVAL



As cidades medievais estaban rodeadas de altas murallas para a súa protección. Nas súas portas se cobraban os impostos sobre las mercancías que entraban na cidade (portádegos). As portas pechábanse pola noite, pero polo día permanecían abertas.

Moitos campesiños acudían á cidade atraídos polas posibilidades dunha vida mellor, aínda que a maioría dos que acababan de chegar tiñan que conformarse cos traballos máis duros: criados, peóns ou aprendices nos obradoiros artesáns.



2. A ALDEA MEDIEVAL

O bosque pertencía ao señor, do que se aproveitaba para obter madeira e que utilizaba como lugar de diversión privado onde cazaba (couto). Todo o que rodeaba ao castelo pertencíalle ao señor, de modo que, calquera servizo que houber dentro dos seus dominios tiñan a súa correspondente peaxe como a ponte ou o muíño. Os campesiños vivían nas aldeas próximas ao castelo de modo que estivesen cerca das terras onde traballaban e cerca da protección que o castelo lles ofrecía en caso de perigo. Toda aldea tiña a súa propia igrexa á que todos os habitantes ,incluídos os señores, ían rezar.




3. As melloras das técnicas agrícolas na Baixa Idade Media

1. **Arado normando ou vesadoiro.** A coitela que araba a terra era de ferro e era desigual, polo que penetraba mellor.



2. **Rotación trienal de cultivos.** Consistía en dividir tres parcelas distintas, que cada ano estaban dedicadas a algo diferente, segundo un sistema de rotación. O primeiro ano, trigo; o segundo legumes e o terceiro en barbeito para que repousase e recuperase nutrientes. Alternando os cultivos, pretendíase non esgotar en exceso as terras.



3. **O muíño de auga.** Previamente coñecía-se só o muíño de vento, e aínda que aparentemente sexan igualmente útiles, o muíño de auga supón un avance respecto ao anterior. Un muíño de vento está suxeito á situación meteorolóxica.

